

## CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES “RETORNA AO RURAL CON CAMPUS TERRA” FINANCIADAS A TRAVÉS DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A USC E A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES PARA O CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN CAMPUS TERRA. CURSO 2023/2024.

### MARCO XURÍDICO E OBXECTO

O Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela (USC), aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015, no que se establece o procedemento para a organización de prácticas externas curriculares, extracurriculares ou prácticas para a elaboración dos traballos fin de grao/fin de máster na propia USC, establece no seu artigo 19 que *“unha vez aprobados e actualizados os convenios para a realización de prácticas académicas externas, a USC procederá a convocar as prácticas mediante resolucións específicas que serán publicadas na páxina web e nos taboleiros de anuncios dos órganos convocantes”*.

A estes efectos, a Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo convoca unha oferta de bolsas para a realización de prácticas extracurriculares en empresas ou entidades situadas no rural de Galicia, dirixidas a alumnado de titulacións de grao vinculadas ao Campus de Especialización Campus Terra. Estas prácticas están financiadas polo convenio de colaboración entre a USC e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, co fin de promover o retorno a territorios rurais e apoiar as pequenas empresas asentadas nel a través do Programa “Retorna ao Rural con Campus Terra”.

En consecuencia, esta Reitoría resolve,

**1.- Autorizar a concesión de 8 bolsas para realización de prácticas académicas extracurriculares** en empresas ou entidades situadas no rural de Galicia para estudantes dos dous últimos cursos das titulacións de Grao das Facultades de Ciencias e Humanidades vinculadas a especialización do Campus Terra que figuran no Anexo I, para desenvolver tarefas relacionadas coas saídas profesionais de ditas titulacións, por un período mínimo de 1 mes e máximo de 3 meses e por un importe total de 1.200 € por estudante para tres meses incluídos os gastos de seguridade social, ou a parte proporcional se a duración é inferior a 3 meses.

A dotación destas prácticas inclúese na partida 8183-131A-64100 dos orzamentos da USC para o exercicio 2024.

### 2.- Establecer o seguinte réxime de prácticas extracurriculares

- As prácticas terán carácter formativo.
- As actividades formativas organizaranse tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado e a súa compatibilidade académica.
- As prácticas estarán remuneradas de acordo co establecido no apartado 1 desta convocatoria, e serán compatibles coas bolsas e axudas ao estudo do Ministerio de Educación y Formación Profesional e da Xunta de Galicia.
- As prácticas terán unha duración de 1 a 3 meses cunha xornada semanal de 25 horas, realizando deste modo un mínimo de 4 créditos ECTS e un máximo de 13 ECTS, tendo en conta que 1 ECTS equivale a 25 horas de traballo do alumno.

- Estas prácticas estarán remuneradas con cargo á partida que se indica no apartado 1 desta resolución e serán incompatibles con calquera relación laboral retribuída. No caso de percibir retribucións por calquera outra actividade que non supoña relación laboral, deberán solicitar no prazo de 5 días a oportuna compatibilidade perante o órgano convocante, suspendéndose ata a súa concesión/denegación os dereitos e deberes inherentes a estas prácticas.
- A concesión e desenvolvemento das prácticas non establece relación contractual ou estatutaria coa USC nin coa entidade de acollida, nin implica compromiso en canto á posterior incorporación do/a interesado/a ao seu cadro de persoal.
- Ningún estudante poderá prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro desta resolución.
- O número de prácticas repartirase entre os graos vinculados a especialización do Campus Terra de acordo coa elección feita por cada centro docente (**Anexo I. Titulacións e oferta de prazas por titulación**).

### 3.- Requisitos a cumprir polo alumnado para a realización destas prácticas extracurriculares

- Ser estudante dos dous últimos cursos dunha titulación de grao oficial de Campus Terra durante o curso 2023-2024. Deberá estar matriculado na data de comezo das prácticas, e durante todo o período de desenvolvemento das mesmas, na modalidade de matrícula ordinaria.
- Non ter cuberto o número máximo de créditos de prácticas académicas externas extracurriculares.
- Non manter ningunha relación contractual coa USC.
- Non manter relación contractual ou parentesco coa empresa de acollida das prácticas extracurriculares.

### 4.- Solicitudes e prazos

- As persoas que desexen realizar as prácticas deberán solicitalo mediante instancia dirixida á Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela co modelo que figura como **Anexo II** a esta convocatoria. A presentación de solicitudes farase no Rexistro electrónico da USC de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.  
<https://sede.usc.es/sede/publica/persoais/rexistroEntrada/acceso.htm>
- Para seren admitidos/as ao procedemento de selección os/as aspirantes manifestarán que reúnen todos e cada un dos requisitos e condicións de acceso esixidas, referidas á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de solicitudes.
- A presentación da solicitude implica a aceptación das bases por parte de cada solicitante.
- Estas axudas serán incompatibles con calquera outra que se poida percibir da USC para a realización da mesma práctica no mesmo período.
- Copia do expediente académico obtido a través da Secretaría Virtual do alumnado en pdf (sen necesidade de estar certificado).
- O prazo para a entrega de solicitudes comeza o día seguinte á publicación da convocatoria e remata o **26 de marzo de 2024**.

### 5.- Publicación de admitidos

A Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo publicará, no taboleiro electrónico da USC, a relación de aspirantes admitidos e excluídos, coa causa da súa exclusión. Os solicitantes excluídos terán un prazo de 3 días naturais a partir do seguinte á publicación no taboleiro electrónico

para a subsanación da causa que motivou a exclusión, quedando definitivamente excluídos de non facelo.

## 6.- Comisión de Selección

A comisión estará formada polo Vicerreitor de Organización Académica e do Campus de Lugo ou persoa en quen delegue, a Dirección do Campus Terra e o Xefe de Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica aos que lle serán de aplicación os artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

A comisión de selección levantará acta cos acordos acadados e as puntuacións correspondentes.

## 7.- Criterios de selección e adxudicación

A orde de prelación entre solicitantes virá determinada pola respectiva nota media que figure no expediente académico na USC, integrada polas cualificacións que correspondan ao curso 2022/2023, sempre que tales cualificacións consten en actas na data fin de prazo de presentación de solicitudes.

A adxudicación se levará a cabo por titulacións, correspondendo a cada titulación o número de prazas que figura no **Anexo I**.

## 8.- Listas de admitidos, matrícula e réxime de aseguramento

- A comisión de selección elaborará unha proposta de resolución cos candidatos seleccionados e a listaxe de agarda, por orde de puntuación, para que a Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo dite a resolución correspondente que será publicada no Taboleiro Electrónico da USC. Elaborarase unha proposta de resolución cos candidatos seleccionados e a lista de agarda por centro e orde de puntuación.
- Contra esta resolución as persoas aspirantes poderán presentar reclamación no prazo de 3 días naturais, contados dende a data da súa publicación. Transcorrido ese prazo e á vista das reclamacións, a Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo ditará Resolución definitiva para a súa publicación.
- A resolución definitiva será comunicada aos responsables dos centros (decanos/as directores/as) aos que pertencen os alumnos seleccionados para que procedan á designación do/a titor/a académico/a, quen deberá formar parte do Persoal Docente e Investigador do centro así como das empresas ou entidades onde o alumnado desenvolverá as prácticas extracurriculares
- As prazas vacantes que non se cubran para as distintas titulacións poderán ser redistribuídas equitativamente entre aquelas que teñen candidatos en lista de agarda, por orde da nota do seu expediente.
- O réxime de aseguramento das prácticas será o establecido na normativa de seguridade social para as prácticas extracurriculares.

## 9.- Documentación a presentar e requirimentos dos estudantes seleccionados

- Publicada a resolución definitiva de adxudicación das prácticas os seleccionados deberán formalizar a matrícula das prácticas na Unidade de Xestión Académica que lles corresponda, de forma presencial ou online a través do correo ([uxa.lugo@usc.es](mailto:uxa.lugo@usc.es)), no prazo que se indique na resolución definitiva.

- Os estudantes seleccionados deberán enviar por correo electrónico a dirección do Campus Terra ([campus.terra@usc.es](mailto:campus.terra@usc.es)) a seguinte documentación: formulario de datos para o pagamento das bolsas (**Anexo III**), DNI, certificado de conta bancaria para facer o ingreso da bolsa, certificado da Seguridade Social e o modelo 145 do IRPF (retencións sobre rendemento do traballo).

### 10.- Plan de formación e obrigas dos estudantes seleccionados

- As actividades formativas desenvolveranse durante o período das prácticas e deberán quedar acreditadas mediante control de asistencia, informes do/a titor/a e/ou memoria de actividades a cargo da persoa beneficiaria.
- O/a estudante está obrigado/a a cumprir o plan de formación práctica debendo realizar as actividades establecidas de acordo coa correspondente planificación.
- O incumprimento das obrigas por parte do alumnado seleccionado dará lugar á revogación inmediata co cese na percepción da contía económica durante os meses que resten da práctica, sen prexuízo da devolución das cantidades obtidas por incumprimento das obrigas e doutras responsabilidades que se lle puideran esixir.

No caso de que os estudantes non poidan cumprir as obrigas desta resolución poderán renunciar mediante a correspondente solicitude á Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo, que resolverá.

### 11.- Avaliación

- Ao finalizar o período de prácticas cada estudante deberá elaborar unha memoria final sobre as actividades realizadas que non debe superar as 1000 palabras.
- A avaliación das prácticas realizaraa a USC ao través do/a titor/a académico/a á vista da memoria final e do informe do titor de prácticas externo (representante da empresa ou entidade de acollida).
- Para avaliar favorablemente as prácticas ao estudante, este non poderá ter unha ausencia superior ao 15% das horas programadas.

### 12.- Acreditación

Cando a avaliación da memoria sexa positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o/a titor/a académico/a de prácticas emitirá por cada estudante que participou nas prácticas unha certificación na que constará o tempo de colaboración e as actividades e tarefas realizadas. A certificación deberá especificar que só terá efectos académicos (no SET) logo da avaliación do/a titor/a académico/a da USC.

### 13.- Lugar de notificación dos actos derivados desta resolución

De conformidade cos artigos 40 a 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, todas as notificacións practicaranse por vía electrónica a través do [Taboleiro Electrónico da Sede Electrónica da USC](#).

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela / Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte da súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da xurisdición contencioso administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso-

administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Por delegación do Sr. Reitor  
(RR do 21.04.2022 – DOG do 26.04.2022)  
O Vicerreitor de Organización Académica e Campus de Lugo

Francisco Fraga López

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015)

## ANEXO I

### Titulacións e número de prazas por Titulación para 3 meses

(no caso de que o período de prácticas sexa menor (de 1 mes ou 2 meses) as prazas aumentan proporcionalmente para cada grao

#### FACULTADE DE CIENCIAS

- Grao de Nutrición Humana e Dietética: 2 prazas.
- Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais: 2 prazas.
- Grao en Bioquímica: 2 prazas.

#### FACULTADE DE HUMANIDADES

- Grao en Xestión Cultural: 2 prazas.

## ANEXO II

### Instancia

O/a abaixo asinante manifesta que leu e acepta as condicións e compromisos establecidos na convocatoria, e de acordo co establecido na mesma, fai constar a seguinte información:

#### 1.- Estudante solicitante

Apelidos e Nome: .....

DNI Nº .....

Correo electrónico ..... Tf. ....

O/a estudante declara cumprir os requisitos establecidos para a realización das prácticas no punto 3 da convocatoria así como estar ao corrente no pagamento do seguro (Seguro Escolar para menores de 28 anos; seguro específico para os maiores de 28 anos).

#### 2.- Titulación na que está matriculado

.....

#### 3.- Duración das Prácticas Extracurriculares

Indicar período elixido: .....

Indicar a duración das prácticas (nº de meses): .....

**4.- O obxectivo educativo** destas prácticas é que o estudante aplique e complemente os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que o preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

#### 5.- Proxecto formativo das prácticas (actividades, competencias, obxectivos específicos, etc.)

O estudante seleccionado recibirá formación en actividades prácticas vinculadas ao ámbito de coñecemento da súa titulación.

**6.- Sistemas de avaliación e control:** O/a titor/a académico/a, á vista do informe da empresa ou entidade de acollida e da memoria final do/a estudante, avaliará as prácticas desenvolvidas tal e como se establece no artigo 25, apartado 4 do Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015.

#### 7.- O/a estudante comprométese a cumprir coas seguintes obrigas:

- Incorporarse na data acordada e cumprirá o horario previsto.
- Cumprir e respectar o sistema organizativo da empresa ou entidade de acollida.
- Gardar o debido sigilo respecto dos asuntos que coñezan na súa tarefa.
- Cumprir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da empresa ou entidade de acollida.
- Cumprir con dilixencia e boa fe as actividades acordadas coa empresa ou entidade de acollida.
- Calquera outro deber previsto na normativa vixente.

O que se asina en....., a.....de.....de 2024

**O/A alumno/a**

### ANEXO III

#### Formulario de datos para pagamento das bolsas

Datos da persoa beneficiaria <sup>1</sup>			
Nome e Apelidos*:			
Número de DNI / NIE*:		Data de nacemento*:	
Enderezo con cód. Postal*:			
Teléfono, mail:			
Nº de afiliación a Seguridade Social*:			
Banco e nº de conta (IBAN)*:			
Datos da Bolsa			
Partida orzamentaria:			
Retribución bruta mensual:			
Datas de inicio e fin*:			
Nº Horas semanais*:		Grupo de cotización <sup>2</sup> *:	
Destino*:			

<sup>1</sup> Deberá acompañarse: copia do DNI do beneficiario/a, modelo 145 debidamente cumprimentado e asinado, copia da resolución de concesión (se se trata dunha listaxe abonda cun exemplar para todos os que figuren nela).

<sup>2</sup> Será o 1 se a convocatoria exige estar en posesión do título de grao ou equivalente, noutro caso será o grupo 3.

\*Imprescindible

O/A alumno/a \_\_\_\_\_ autoriza á Universidade de Santiago de Compostela a facer uso dos datos arriba referenciados, co obxecto de proceder ao pagamento correspondente a bolsa do programa

\_\_\_\_\_ da que resultou beneficiario.

Santiago de Compostela, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Sinatura do alumno

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** FRANCISCO JOSE FRAGA LOPEZ, VICERREITOR DE ORGANIZACION ACADEMICA E DO CAMPUS DE LUGO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 08/02/2024 12:27:55.

**CSV:** B3EA-C091-4D4D-B84B